



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o día 25 de setembro de 2014, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 2.- Adopción de acordo sobre desafectación de parcela de propiedade municipal. Declaración de ben patrimonial de parcela sobrante e inedificable para o seu alleamento a prol de colindantes no ámbito da Urb. “Icaria” (Plan Parcial A-23; I-1)

“O Concello de Oleiros é titular dun terreo sito en rúa Minerva, con referencia catastral 1879626NH5017N0001UD, de 903 m². O arquitecto municipal emite informe o 11 de agosto de 2014, sobre a parcela sita na rúa Minerva sinalada no plano adxunto que figura en expediente:

“Datos segundo o Plan Xeral Municipal de Ordenación, aprobado parcialmente por Orde de 11.03.09 da C.P.T.O.P.T., BOP N^o 75 de 02.04.2009, DOG n^o 81 de 28.04.2009 e acordo plenario de 12.02.2010.

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

A parcela está clasificada polo Plan Xeral en vigor como solo urbano consolidado resultado do desenvolvemento e execución do forme está dentro do ámbito do Plan Parcial A-23 I-1.

Na súa disposición Transitoria Primeira punto 5.1 declara o Plan parcial subsistente incorporando as súas determinacións.

No citado plan parcial a parcela estaba cualificada como equipamento docente público para gardería cunha superficie segundo o proxecto de Compensación de 1.170 m².

Na fase de revisión do Plan Xeral, detectouse que a xeometría da parcela e a súa topografía facía que nesta parcela resultara imposible a localización dun equipamento e destinala ao uso de gardería, motivo polo que se lle eliminou o tramado que así o indicaba.

A parcela queda polo tanto no Plano de Ordenación do Plan Xeral vixente sen a trama de equipamento e nunha zona de vivenda unifamiliar. Pódese polo tanto interpretar que se trata dunha parcela sobrante considerándoa como parcela interior non edificable.

O posible uso da parcela sería o de servir para ampliar a superficie libre axardinada das parcelas edificadas con vivenda unifamiliar coas que linda polo suroeste en favor da cal ou cales resultara enaxenada.”

Don Pablo Vizcaino Feijoo e Dona Cristina Velasco Diez, presentan escrito n^o 16731 de data 10.12.2013, no que expoñen estar interesados na posibilidade de poder comprar a finca que linda por detrás da súa casa (catastral 1879626NH5017N0001UD).

A normativa aplicable é a establecida no Regulamento de Bens, o art. 81.2.a) e art. 47 da Lei de Bases de Réxime Local e art. 268 e 277 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia en relación á desafectación de bens, depuración física e xurídica do inmovible e enaxenación a favor dos colindantes, tal como se informa pola coordinadora de servizos urbanísticos. De conformidade co informado comporta as seguintes actuacións:

- Desafectar o terreo que figura no Inventario de Bens como ben de servizo público dotacional destinado a gardería e decláralo ben patrimonial, parcela sobrante, non edificable.
- Depuración xurídica da parcela solicitando a corrección na inscrición rexistral, unha vez tramitado o expediente anterior, ao Rexistro da Propiedade e anotación no Inventario de Bens Municipais.
- Tramitar a enaxenación da parcela sobrante a favor dos colindantes interesados na súa adquisición.



CONCELLO DE
OLEIROS

Por isto, ao Pleno do Concello PROPONSE a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar ben patrimonial e “parcela sobrante” ao terreo propiedade municipal non edificable sito en Rúa Minerva, con referencia catastral 1879626NH5017N0001UD, actualmente de 903 m2 que se describe así:

Parroquia de Santa Eulalia de Lians. Montrove. Término Municipal de Oleiros. Parcela catastral 1879626NH5017N0001UD, de 903 m2, inscrita no Rexistro da Propiedade, Libro 318 de Oleiros, folio 108, finca rexistral 26549, inscrición 1ª.

Lindeiros:

Ao Norte, linda con Fermín Celada, hoxe Comunidade de Propietarios Avda. Rosalia de Castro nº 123.

Ao Sur, coa rúa H do polígono, hoxe rúa Minerva.

Ao Leste, con Fernando Varela, hoxe Carmen Montero Pardo e Antonio Ramón Tenreiro Brochón.

Ao Oeste, parcela V´ do 10%, hoxe Pablo Vizcaino Feijoo, Berta Carmen Fernández Requejo, Ignacio Yusty Garcia, Roberto Viqueira Pereiro e Aurelio Francisco Fernández Ruenes.

Segundo.- Proceder á exposición pública do expediente por prazo de 1 mes anunciándose así na Web municipal, e no BOP.

Terceiro.- Notificar aos propietarios colindantes (Carmen Montero Pardo e Antonio Ramón Tenreiro Brochón, Pablo Vizcaino Feijoo, Berta Carmen Fernández Requejo, Ignacio Yusty Garcia, Roberto Viqueira Pereiro e Aurelio Francisco Fernández Ruenes), como futuros interesados na enaxenación do terreo a seu favor, unha vez depurada a situación xurídica do terreo.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 29 de setembro de 2014.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane

